

Santiago de Compostela 7 xullo de 2014

**PREGO TECNICO PARA O MANTEMENTO DA  
CLIMATIZACIÓN DO NOVO CENTRO SOCIOCULTURAL DE  
SANTA MARTA**



En cumprimento do disposto no Regulamento de Instalacións Térmicas de Edificios (RITE) e a súa Instrucción Técnica IT\_ Real Decreto 1027 /2007 do 20 de Xullo recoméndase realizar as tarefas de mantemento preventivo e correctivo de acordo con un instalador autorizado para manter as características funcionais das instalacións e a súa seguridade a través da máxima eficiencia dos equipos

## **OBXECTIVO**

Prestar o mantemento preventivo da instalación da climatización do novo Centro Sociocultural de Santa Marta, xa que ademais do obrigado cumprimento da normativa vixente, un mantemento preventivo reduce o conxunto de avarias de emerxencia, optimiza a instalación, reduce o gasto enerxético e alonga a vida útil dos equipos dos que consta a instalación.

## **CONDICIONS TECNICAS DAS FUNCIONS A DESENVOLVER PARA O MANTEMENTO DA CLIMATIZACION DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA**

### **DESCRIPCIÓN DO EQUIPO**

- 1 ud central de aire auga, 2 tubos termoven mod ETX-B-AR 120.2 n° serie 50666.001, potencia en frío 114,2 KW, p en calor 145 KW R-410-A
- 2 ud bombas de auga OMEGA 4-90-2 n° 1110-5793 0,55 KW exteriores general
- 1 unidad extractor S&Y CAB -250 230V-50/60 HZ 250 W
- 1 unidad impulsor Sodeca modelo CJBD-1919 4M-1/5
- 1 ud Recuperador Sopdeca RECUP-30-H-C F6+F8
- 1 ud Recuperador Sodeca RECUP-12-H-B F6+F8
- 1 ud Recuperador Sodeca RECUP-60-H-C F6
- 1 ud Recuperador Sopdeca RECUP-50-H-C F6+F8
- 1 ud Climatizador-recuperador SODECA RIS 300 H-W-D- F9 + TEJ-RIS-3000
- 1 ud Recuperador Sodeca RECUP-20-H-C F6+F8
- 1 ud Cuadro York, JHONSON CONTROLS

Nota: Todos os recuperadores de calor teñen unha batería de auga a 2 tubos na impulsión o local, con válvulas de caudal constante manuais e 3 v con actuadores modulantes de **JONHSON CONTROLS**

### **Planta baixa**

- 7 ud. Fan-coil tipo CASSETTE 2 tubos (YORK)
- 1 ud. Fan-coil tipo SUELO 2 tubos (YORK)

### **Planta alta**

- 8 ud. Fan-coil tipo cassette 2 tubos (YORK)
- Sistema xestionado por un control JHONSOS CONTROL instalado en un PC

## **TRABALLOS A EXECUTAR**

- Comprobación dos equipos de frío/calor
- Limpezas de filtros, se fose necesario facerlle as substitucións estas facturarianse según tarifa vixente.
- Comprobación dos consumos eléctricos e axustes das conexións
- Revisión das cargas de gas

- Revisión dos rodamentos e de correas
- Limpezas de baterías , (non se incluen os materiais )
- Comprobación das medidas de presións en circuito de gas
- Comprobación das válvulas
- Distribucións correctas de auga-aire
- Reglaxes de automatismos
- Cumpriranse as esixencias da ITE 3 DO RITE

Esta proposta, non comprende os materiais e a man de obra que fosen necesarios para a corrección de avarías ou calqueira outra clase de anomalías que se observen fora dos traballos de mantemento, e tampouco comprende calqueira modificación que se teña que efectuar na instalación por calqueira outra causa.

Nin o mantemento do control central que corresponde a JHONSON CONTROLS

### ***FRECUENCIA DAS VISITAS DE MANTEMENTO***

1 visita mensual

12 VISITAS ANUAIS

Esta frecuencia de visitas , debe de quedar reflectida no correspondente libro de mantemento.

### ***VALORACION ECONÓMICA***

#### ***Relación de custos según complexidade das instalacións xa con mantemento de climatización***

A complexidade do equipo de climatización do Centro de Santa Marta con referencia a dos outros equipamentos da Rede de Centros, (explicitados na plica correspondente para o seu contrato) fai que o mantemento de éste sexa o mais custoso, xa que require unha demanda de mantemento moito maior e mais complexa, así como unha maior carga de traballo.

Na anterior proposta de mantemento da climatización dos Centros Socioculturais, tamén describimos unha relación de custos por equipamento derivada da maior ou menor complexidade do sistema climatizador de cada un.

Así, o Centro do **Ensanche** que conta con 1 Bomba de calor CIATESA para todo o centro, 1 Climatizador TECNIVEL, 2 unidades exteriores, 1 unidade interior, 6 climatizadores, 8 fancoils e 3 extractores, sea por un prezo de 850 € anuais +IVE.

O Centro Sociocultural das **Fontiñas**, conta con un equipo que consta de 1 Bomba de calor CARRIER e 1 cadro eléctrico para forza e regulación e o seu custo anual é de 660 € + IVE.

O Centro Sociocultural de **Vite**, conta con un climatizador satinder aqua e 2 bombas de calor xeral, con cadro eléctrico . O custe de mantemento anual é de 770 € +IVE.

O Centro sociocultural de **Marrozos**, que conta con 3 unidades exteriores Toshiba e 4 unidades interiores Toshiba, sae por 215 € + IVE

O centro sociocultural de **Nemenzo**, conta con só 2 unidades exteriores xeral e 2 unidades interiores o mesmo aproximadamente que **Marantes, Lamascal ou Busto**. Estes teñen un custo de 200 €.

Total Mantemento: 3.200 € + 21 % de IVE

#### **CENTRO DE SANTA MARTA**

Tendo en conta como expuxemose en comparación coa de outros centros a complexidade da instalación do centro de St. Marta descrita anteriormente e moito mais alta . Valorado o custe de mantemento no actual mercado para instalacións de este tipo e co obxecto de que este sexa o mais axeitado posible, así como que de cumprimento os obxectivos descritos e tendo en conta o artigo 87.1 do TRLCSP

Proponse para este mantemento a cantidade de **2.520,00 € + 21% de I.V.E**

TOTAL: 3.049,20 € anuais

Partida orzamentaria


**080 33403 21200** para reparación e mantemento dos Centros Socioculturais

#### **PRAZO DE EXECUCIÓN**

Máximo 4 anos, con posible prórroga

Asdo  
Guadalupe Rodriguez Silva

Técnica equipamentos S.C.

V.P.   
Enrique Vázquez Naveira

Director Centros S.C.